

CURSO DE COMPOSICIÓN RAMÓN LAZKANO

Ramón Lazkano (Donostia-San Sebastián, 1968) estudou composición en San Sebastián, París e Montreal con Francisco Escudero, Alain Bancquart, Gérard Grisey e Gilles Tremblay; obtivo o Primeiro Premio de Composición do Conservatorio Nacional Superior de Música de París en 1990 e o Diploma de Estudos de Doutoramento en Música e Musicoloxía do século XX na École des Hautes Etudes en Sciences Sociales. Premio de Composición da Fundación Prince Pierre de Mónaco, Premio de Composición Leonard Bernstein - Xerusalén e Premio Georges Bizet de la Academia de Bellas de Artes de Francia.

Entre 1998-99 é compositor en residencia coa Nova Orquestra Nacional de España e no Festival Musica de Estrasburgo xunto a Luis de Pablo. As súas dúas estanzas en Roma, na Real Academia de España e na Academia de Francia (Vila Médicis), permitíronlle afondar na reflexión sobre o propósito da composición nos nosos días, que se cristaliza nun pensamento sobre a intertextualidade, a saturación e o silencio que fixo nacer obras como Ilunkor (encargada pola Euskadiko Orkestra Sinfonikoa), Hauskor (encargada pola Orquestra da Comunidade de Madrid) e Ortzi Isilak (encargo da Orquestra Nacional de España). Entre 2001 e 2011 traballou no seu Laboratorio de Xices, colección de pezas de cámara composta por varios ciclos, que toma como referencia o concepto oteiziano do "laboratorio experimental". En 2010 o Ensemble Recherche lle dedicou dous concertos-retrato en Bilbao e Frankfurt; en 2011 foi compositor residente do Ensemble 2 e 2 m. En xuño de 2012, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera dirixida por Peter Eötvös interpretou Ilunkor no festival Musica Viva de Múnic e o Festival Ars Musica de Bruselas dedicálle a edición de 2012, estreando o cuarteto de corda Lurralde escrito para o Cuarteto Diotima e programando a totalidade do ciclo Egan.



MARTES 22 DE ABRIL 10:00 - 14:00
MÉRCORES 23 DE ABRIL 16:00 - 20:00
XOVES 24 DE ABRIL 10:00 - 14:00

Alumnos activos: 80€ / do centro: 60€
Alumnos ouvintes: 40€ / do centro: 30€
Prazo de matrícula ata o martes 1 de abril
Inscripción na oficina do Conservatorio
en horario de 9:00 a 12:00

FOLLA DE INSCRIPCIÓN CURSO COMPOSICIÓN RAMÓN LAZKANO

APELIDOS

NOME

Tel.....

Email

Modalidade:

Só alumnos activos, Título da obra enviada por email.

.....

O curso está aberto tanto a alumnos activos como ófntes.
Cada día o profesor Lazkano impartirá unha charla maxistral de aproximadamente unha hora e adicará o tempo restante á revisión e crítica de traballos de composición dos alumnos activos. Cada alumno activo terá dous encontros de 45 minutos.
As obras que presenten os alumnos activos poden ser traballos en curso sen rematar ou ben obras xa finalizadas.
O curso ofértase até un máximo de 6 alumnos activos. En caso de que o número de alumnos activos inscritos sexa maior, o profesor Lazkano realizará unha preselección.

Para inscribirse no curso cómpre cubrir o seguinte formulario, abonando as taxas de matriculación antes do 1 de abril. Asemade, no caso dos alumnos que desexen participar como activos, é necesario enviar ao enderezo electrónico cursocomposicion_coruna@yahoo.es unha partitura en PDF e, se é posible, unha gravación en audio dunha obra propia.